

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA
17 DE OUTUBRO DE 2005**

CONCORRENTES

Presidente:

Don Juan Antonio Maceiras Barros (CIM)

Concelleiros

Don Jesús Veiga Sabín (PP)

Don José Manuel Rodríguez Vidal (CIM)

Don Juan José Herva Mallo (PP)

Dona María Rosario Manso López (CIM)

Don Luis Purriños Pena (CIM)

Don José Paz Tenreiro (PP)

Don Manuel José Pérez Martínez (PP)

Don Antonio Medín Pena (PP)

Don Miguel Anxo Abreira Sobrado (BNG)

Don Antonio Cortizas Rodríguez (PSOE)

Interventora

Dona Marta Roca Naveira

Secretario:

Don Francisco Mateos Sastre

No salón de sesións da Casa do Concello de Miño, ás vinte horas do día dezasete de outubro de dous mil cinco, logo da convocatoria para o efecto en legal forma, réunese o Pleno deste Concello, en sesión pública ordinaria.

Preside o Sr. alcalde titular don Juan Antonio Maceiras Barros e asisten os seguintes concelleiros: don Jesús Veiga Sabín; don Juan José Herva Mallo; don Luis Purriños Pena; dona María Rosario Manso López; don José Paz Tenreiro; don Manuel José Pérez Martínez; don José Manuel Rodríguez Vidal; don Antonio Medín Pena; don Miguel Anxo Abreira Sobrado e don Antonio Cortizas Rodríguez.

Non asisten á sesión os concelleiros dona Eva M^a Vilariño González e don José María Laya Carril.

Está presente a interventora municipal dona Marta Roca Naveira.

Dá fe do acto, o secretario titular don Francisco Mateos Sastre.

1.- ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.- Aberta a sesión pola Presidencia e non habendo observacións á acta da sesión anterior, correspondente ao día 30 de setembro de 2005, queda aprobada por unanimidade.

2.- RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DENDE A ÚLTIMA SESIÓN ORDINARIA.- Dáse conta das resolucións ditadas pola Alcaldía dende a última sesión ordinaria números 544/05 á 743/05 ambas as dúas incluídas, que estiveron a disposición dos señores concelleiros dende a convocatoria da sesión.

3.- ANEXO DO PREGO DE CONDICIÓN.- Dáse conta da proposta da Comisión Informativa de Asuntos Xerais en relación co expediente que se tramita para o desenvolvemento urbanístico do sector R-3 Piñeiro do PXOM que di así:

“Propónse incluír para acordo do próximo Pleno, a cantidade que o adxudicatario da concesión para a execución do Plan parcial do sector R-3 ha de aboar ao adxudicatario do sector S. Uble R.D. Perbes Vilanova, polos gastos adiantados da mellora das infraestruturas ou servizos xerais e que se concretan na cantidade de 669.494,00 euros, que deben ser reintegrados ao dito adxudicatario, igual ao 37,5% das ditas melloras.”

Pide a palabra o concelleiro do BNG Sr. Abreira Sobrado e manifesta que un oito será negativo, pois xa se lles entregou a algunhas persoas o prego de condicións e este anexo ía en branco, ademais que as melloras que fai FADESA xa estaban recollida na adxudicación da urbanización e campo de golf en Perbes-Vilanova e se agora non se fixera o desenvolvemento de Piñeiro, terá que facer as melloras que executa.

Contesta o concelleiro do PP Sr. Herva e sinala que o plan económico-financieiro do PXOM xa especificaba que o primeiro operador ou adxudicatario do desenvolvemento urbanístico de Perbes-Vilanova, tería o dereito a resarcirse de parte do gasto na mellora das infraestruturas e soamente se lle imputa a mellora na rede de abastecemento de augas e non das demais infraestruturas. A Presidencia indica que con este acordo completamos un anexo do prego de condicións. Replica o Sr. Abraira Sobrado que se se fai un novo anexo, refórmase o prego de condicións xa aprobado e di, chama poderosamente a atención que o Sr. Herva estea tan enterado deste asunto.

Sometida a votación a proposta presentada, fano a favor os catro membros da CIM presentes, os cinco concelleiros do PP e o concelleiros do PSG-PSOE que suman dez votos e en contra o concelleiro do BNG, polo que **queda aprobada** nos seus propios termos.

4.- MODIFICACIÓN DAS ORDENANZAS FISCAIS.- A interventora municipal dá lectura á seguinte providencia da Alcaldía:

A tendencia alcista do índice xeral de prezos ó consumo que se reflicte no incremento dos custos da xestión municipal, debe ter tamén incidencia nas taxas que o Concello cobra pola prestación dos servizos ós cidadáns, o que vén a xustificar que as cotas tributarias reguladas polas mesmas deben ser modificadas para adaptarse ó incremento do citado índice.

Tendo en conta que no momento actual se descoñece cal é o IPC interanual de decembro a decembro, tómase como referencia e como máximo para as presentes actualizacións o IPC de agosto do 2004 a agosto do 2005 (3,3%).

Polos motivos expostos propónse por esta Alcaldía a elaboración e posterior aprobación polo Pleno da Corporación dos seguintes expedientes,

ACTUALIZACIÓN DO I.P.C NAS TARIFAS DAS SEGUINTEs ORDENANZAS:

- Ordenanza fiscal número 4, reguladora da taxa pola recollida do lixo
- Ordenanza fiscal número 5, reguladora da taxa por sumidoiros.
- Ordenanza fiscal número 7, reguladora da taxa por licenzas de autotaxi e demais vehículos de aluguer.
- Ordenanza fiscal número 8, reguladora do prezo público por ocupación do solo, subsolo e voo da vía pública.
- Ordenanza fiscal número 9, reguladora da taxa por subministración de auga a domicilio.
- Ordenanza fiscal número 10 reguladora da taxa por ocupación de terreos de uso público con mercadorías, materiais de construción, cascallo , valados e outras instalacións análogas.
- Ordenanza fiscal número 16, reguladora do prezo público por utilización do polideportivo municipal.
- Ordenanza fiscal número 19, reguladora do prezo público por prestación do servizo de protección civil.

Xúntase como Anexo a relación das propostas de modificación para cada unha das ordenanzas fiscais con indicación das novas tarifas. O IPC máximo aplicado é de 3,3%.”

O Pleno do Concello acorda por unanimidade:

1º.- Aprobar provisionalmente as modificacións das ordenanzas fiscais, nº 4 reguladora da taxas polo servizo de recollida de lixo, nº5 reguladora da taxa pola rede de sumidoiros, ordenanza fiscal nº 7 reguladora da taxa por licenzas de autotaxi e demais vehículos de aluguer, ordenanza fiscal nº 8 reguladora do prezo público por ocupación do solo, subsolo e voo da vía pública, ordenanza fiscal nº 9 reguladora da taxa polo subministración de auga, ordenanza fiscal nº 10 reguladora da taxa por ocupación de terreos de uso público con mercadorías, materiais de construción, cascallos, valados e outras instalacións análogas, ordenanza fiscal nº 16 reguladora

do prezo público por utilización do polideportivo municipal e ordenanza fiscal nº 19 reguladora do prezo público por prestación do servizo de protección civil.

2.- Expoñer ao público o presente acordo mediante anuncios no taboleiros de edictos da Corporación municipal e Boletín Oficial da Provincial, para que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen procedentes.

3.- As reclamacións presentadas serán resoltas pola Corporación en Pleno e de non existir, entenderanse definitivamente aprobadas, e débese proceder en todo caso á publicación do Boletín Oficial da Provincia do acordo definitivo do texto íntegro da modificación da Ordenanza.

5.- MODIFICACIÓN DAS ORDENANZAS FISCAL NÚM. 21.- A interventora dá lectura á seguinte providencia da Alcaldía: “ Co obxecto de proceder á modificación da ordenanza núm. 21 reguladora do “prezo público pola prestación de servizos culturais e deportivos” e tendo en conta que o artigo 15 e seguintes do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais establecen esta posibilidade, incóese polos servizos técnicos o expediente para levar a cabo a devandita modificación.

Os motivos que xustifican esta modificación radican na necesidade de regular e cuantificar as tarifas dos servizos culturais e deportivos que se veñen prestando neste Concello dunha maneira permanente: fútbol, aeróbic, pintura e debuxo... así como deixar aberta a posibilidade de prestación doutras actividades cuxas tarifas se determinarían *a posteriori* a través dun acordo da Xunta de Goberno Local.

Así mesmo, coa modificación que se pretende, axústanse as referencias legais á actual normativa como consecuencia da aprobación do RDL 2/2004, do 5 de marzo.”

O Pleno do Concello co voto favorable dos cinco concelleiros do PP, catro da CIM e un do PSG-PSOE, que suman dez votos, e o voto en contra do concelleiro do BNG Sr. Abreira, **acorda**:

1º.- Aprobar provisionalmente a modificación da Ordenanza fiscal núm. 21 reguladora do prezo público por actividades culturais e deportivas na forma proposta.

2º.- Expoñer ao público o presente acordo, mediante a inserción de anuncios no taboleiro de edictos do Concello e Boletín Oficial da Provincia, para que poida examinarse o expediente e presentar as reclamacións que estimen procedentes.

3º.- As reclamacións presentadas serán resoltas polo Pleno do Concello e de non presentarse, entenderase definitivamente aprobada, e débese proceder en todo caso á publicación no Boletín Oficial da Provincia do acordo definitivo e do texto íntegro da modificación da Ordenanza.

6.- MODIFICACIÓN DA ORDENANZA NÚM. 13, TAXAS POLA EXPEDICIÓN DE DOCUMENTOS.- A interventora dá lectura á seguinte memoria da Alcaldía:

“A través da presente memoria trátase de xustificar ó Concello-Pleno as razóns que motivan a tramitación do expediente de modificación da ordenanza fiscal núm. 13 reguladora da taxa por expedición de documentos administrativos cuxos antecedentes son os seguintes:

O día 27 de novembro de 1995 publícase no Boletín Oficial da Coruña o texto íntegro da ordenanza fiscal reguladora da taxa por expedición de documentos administrativos.

O día 10 de novembro de 1999 e 29 de decembro do mesmo ano, publícanse as aprobacións do Pleno do Concello, das modificacións da Ordenanza fiscal reguladora da taxa por expedición de documentos administrativos.

Tendo en conta que dende o exercicio 1999 non se levou a cabo ningunha actualización da presente ordenanza, a súa modificación considérase conveniente e iso por dúas razóns fundamentais:

-Dunha banda, as modificacións introducidas na normativa fai necesario proceder a actualizar as referencias normativas existentes na ordenanza fiscal así como dos artigos ós que se remiten.

-Doutra banda, a modificación que se propón pretende introducir e tarifar novos feitos impositivos como consecuencia de servizos que no momento actual se veñen a realizar polo Concello, así como levar a cabo unha actualización das tarifas que dende o ano 1999 se mantiveron invariables a pesar de que os custos foron incrementándose ó longo destes exercicios.

Esta modificación supón a alteración dos artigos 1 (Fundamento e natureza), 3 (Suxeito pasivo), 4 (Responsables), artigo 5 (Exencións subxectivas), artigo 7 (Tarifas), artigo 10 (Declaración e Ingreso) e artigo 11 (Infraccións e sancións).

Polo que respecta ós artigos 1,3, 4,10 e 11 as modificacións están orientadas a adecuar as referencias á normativa vixente.

No referente ó artigo 5, relativo ás exencións subxectivas, a nova redacción do artigo vén a supoñer unha reformulación da redacción inicial manténdose en todo caso o espírito do mesmo que non é outra que eximir a todos aqueles cuxa imposibilidade material para efectuarlo pagamento da taxa quede xustificada mediante informe dos servizos sociais do concello.

Finalmente o artigo 7 relativo ás tarifas vén a introducir a modificación máis relevante. En efecto, este artigo vén a estruturarse en catro grandes epígrafes que son:

- Taxas por dereitos de exame.
- Taxas por documentos relativos a urbanismo.
- Taxas por outros documentos.
- Taxas por expedición de planos, fotocopias e documentos técnicos.
- Taxas por documentación catastral.

En relación coas tarifas por dereitos de exame, mantéñense as contías aprobadas inicialmente na ordenanza, coa única salvedade que supón introducir unha tarifa específica para o Grupo E de nove euros para a que antes se establecían 12 euros.

Por outra banda, inclúese un novo epígrafe dedicado exclusivamente ós documentos relativos a urbanismo.

A redacción inicial da ordenanza tarifaba unicamente os expedientes de declaración de ruína e as cédulas urbanísticas con ou sen saída dos técnicos. Evidentemente os traballos requiridos polos cidadáns á oficina técnica e os efectivamente realizados exceden en gran medida dos determinados pola ordenanza fiscal inicialmente. Por todo isto, e valorando eses traballos consistentes na emisión de informes, certificacións, etc... introdúcense novos feitos impositivos dentro da ordenanza ademais dos existentes ata o momento como, por exemplo, a tramitación de expedientes acreditativos da antigüidade das edificacións ou os de reposición á legalidade nos que as contías varían en función da dedicación e traballo que supoña a tramitación dun ou doutro expediente.

Así mesmo tarífanse con importes diferentes as certificacións e os informes de cualificación urbanística e iso debido á diferente transcendencia e responsabilidade que implican uns e outros.

En canto ó epígrafe de "Outros documentos", as principais novidades consisten na introdución de novos feitos que dan lugar ó pagamento da taxa, estes son: exemplares de ordenanzas fiscais, de orzamentos municipais, expedientes de celebración de vodas civís e inscricións nos libro rexistro de parellas de feito.

Efectivamente no momento actual, estanse a prestar unha serie de servizos que orixinan unha serie de custes para o noso concello que poden ser cubertos parcialmente a través da taxa.

O resto as novidades do presente epígrafe consisten en establecer novas tarifas para as certificacións de empadramento, así como para os informes da policía local diferenciando entre os relativos a accidentes de circulación e outros informes.

Introdúcese un epígrafe denominado “Planos, fotocopias e documentos técnicos”. A principal novidade consiste dunha banda, no incremento das tarifas xa previstas na ordenanza fiscal aprobada en relación coas fotocopias de documentos. Mantéñense as tarifas no relativo ás compulsas de documentos fixándose como novidade unha tarifa de cero euros no relativo ás compulsas de documentos para a prestación dos servizos sociais municipais.

Introdúcese unha tarifa en concepto de planos dixitalizados editados en serie (CD), debido a que nos últimos tempos foron moitas as peticións de copias do CD do planeamento municipal que por non estar tarifado especificamente aplicábaselle unha cota de tres euros, contía que se considera simbólica tendo en conta a información facilitada a través do CD.

Finalmente, introdúcese un epígrafe específico para a documentación catastral. Ata o momento actual todos aqueles servizos en relación coa xestión catastral que se veñen prestando polo Concello, sen que exista ningún tipo de obriga legal, e que centraliza a persoa que ten contratada a asistencia técnica en materia de xestión catastral víñanse prestando de maneira gratuíta.

Resulta necesario precisar, que de acordo co convenio asinado coa xerencia catastral, o concello só se atopa obrigado a facilitar información catastral, sen embargo, actualmente os traballos exceden en gran medida do establecido nese convenio, neste sentido dende o concello véñense a facilitar unha serie de información que supón evitar un desprazamento do propio cidadán, o que vén, en definitiva a redundar no seu propio beneficio.

A contía destas tarifas efectuouse tendo en conta previamente, dunha parte, a valoración daqueles servizos polos que se podería establecer a taxa e doutra, no referente ás contías, a súa fixación efectuouse a partir dos prezos fixados polo catastro.

En último termo, dicir que en cada un dos epígrafes introduciuse un concepto residual no que se incluírían todos aqueles supostos non previstos expresamente noutros apartados e todo iso debido á improcedencia de introducir numerosa casuística o que dificultaría a súa aplicación práctica

Finalmente, esta Alcaldía pon de relevo que a fixación das contías das taxas efectuouse atendendo a criterios de capacidade económica dos suxeitos pasivos obrigados a satisfacelas.

CONCLUSION

Por todo o anterior, esta Alcaldía propón ó Concello-Pleno a modificación da ordenanza fiscal núm. 13 reguladora da taxa por expedición de documentos administrativos.

Nota: Inclúese como ANEXO a proposta do novo texto da ordenanza.”

O **Pleno** do Concello do Concello co voto favorable dos cinco concelleiros do PP, catro da CIM e un do PSG-PSOE, que suman dez votos , e o voto en contra do concelleiro do BNG Sr. Abreira, **acorda**:

1º.- Aprobar provisionalmente a modificación da Ordenanza fiscal núm. 13, reguladora das taxas pola expedición de documentos na forma proposta.

2º.- Expoñer ao público o presente acordo, mediante a inserción de anuncios no taboleiro de edictos do Concello e Boletín Oficial da Provincia, para que poida examinarse o expediente e presentar as reclamacións que estimen procedentes.

3º.- As reclamacións presentadas serán resoltas polo Pleno do Concello e de non presentarse, entenderase definitivamente aprobada, debendo proceder en todo caso á publicación no Boletín Oficial da Provincia do acordo definitivo e do texto íntegro da modificación da Ordenanza.

7.- EXPEDIENTE DE CRÉDITO EXTRAORDINARIO 2/2005.- Dáse conta do expediente tramitado de crédito extraordinario núm. 2/2005 así como dos informes unidos e dictame favorable da Comisión de Facenda.

O Pleno do Concello acorda por unanimidade:

1º.- Aprobar o expediente de crédito extraordinario núm. 2/2005, por un importe de 18.750,00 euros, conforme ao seguinte detalle.

Partida	Denominación	Importe
2005-442/750:00	Recollida do lixo e limpeza viaria. Transferencia de 18.750,00 euros, capital da Administración xeral da Comunidade Autónoma.....	18.750,00 €

2º.- Financiar este expediente núm. 2/2005 de crédito extraordinario, con cargo ao remanente líquido da Tesourería e baixas por anulación de crédito.

3º.- De conformidade co establecido no art. 177.2 do R.D.L. 2/20054, en relación co art. 169 do mesmo texto legal, proceder á exposición pública deste acordo durante quince días hábiles, mediante a inserción de anuncios no taboleiro de edictos do Concello e no Boletín Oficial da Provincia.

4º.- O expediente entenderase definitivamente aprobado no caso de que durante o período de exposición pública non se presentasen reclamacións.

8.- EXPEDIENTE DE CRÉDITO EXTRAORDINARIO 3/2005.- Dáse conta do expediente tramitado de crédito extraordinario núm. 3/2005, así como dos informes unidos e ditame favorable da Comisión de Facenda.

O Pleno do Concello acorda por unanimidade:

1º.- Aprobar o expediente de crédito extraordinario núm. 3/2005, por un importe de 39.478,37 euros, conforme ao seguinte detalle.

Partida	Denominación	Importe
2005-441/001.03	Saneamento, abastecemento e distribución de augas. Investimento novo en infraestruturas e bens dedicados ao uso xeral. Outras.....	39.478,37 €

2º.- Financiar este expediente núm. 3/2005 de crédito extraordinario, con cargo a baixas por anulación de crédito da partida 511/61103.

3º.- De conformidade co establecido no art. 177.2 do R.D.L. 2/20054, en relación co art. 169 do mesmo texto legal, proceder á exposición pública deste acordo durante quince días hábiles, mediante a inserción de anuncios no taboleiro de edictos do Concello e no Boletín Oficial da Provincia.

4º.- O expediente entenderase definitivamente aprobado no caso de que durante o período de exposición pública non se presentasen reclamacións.

9.- EXPEDIENTE DE CRÉDITO EXTRAORDINARIO 4/2005.- Dáse conta do expediente tramitado de crédito extraordinario núm. 4/2005, así como dos informes unidos e dictame favorable da Comisión de Facenda.

O Pleno do Concello acorda por unanimidade:

1º.- Aprobar o expediente de crédito extraordinario núm. 4/2005, por un importe de 20.000,00 euros, conforme ao seguinte detalle.

Partida	Denominación	Importe
2005-432/625.00	Urbanismo e arquitectura. Investimento novo asociado ao funcionamento operativo dos servizos, mobiliario.....	20.000,00 €

2º.- Financiar este expediente núm. 4/2005 de crédito extraordinario, con cargo ao remanente líquido da Tesourería.

3º.- De conformidade co establecido no art. 177.2 do R.D.L. 2/20054, en relación co art. 169 do mesmo texto legal, proceder á exposición pública deste acordo durante quince días hábiles, mediante a inserción de anuncios no taboleiro de edictos do Concello e no Boletín Oficial da Provincia.

4º.- O expediente entenderase definitivamente aprobado no caso de que durante o período de exposición pública non se presentasen reclamacións.

10.- EXPEDIENTE DE CRÉDITO EXTRAORDINARIO 5/2005 .- Dáse conta do expediente tramitado de crédito extraordinario núm. 5/2005, así como dos informes unidos e ditame favorable da Comisión de Facenda.

O Pleno do Concello acorda por unanimidade:

1º.- Aprobar o expediente de crédito extraordinario núm. 5/2005, por un importe de 55.234,40 euros, conforme ao seguinte detalle.

Partida	Denominación	Importe
2005-531/622.00	Desenvolvemento agropecuario. Investimento novo asociado ao funcionamento operativo dos servizos. Edificios e outras construcións.....	55.234,40 €

2º.- Financiar este expediente núm. 5/2005 de crédito extraordinario, con cargo á baixa por anulación de créditos (55.234,40 euros).

3º.- De conformidade co establecido no art. 177.2 do R.D.L. 2/20054, en relación co art. 169 do mesmo texto legal, proceder á exposición pública deste acordo durante quince días hábiles, mediante a inserción de anuncios no taboleiro de edictos do Concello e no Boletín Oficial da Provincia.

4º.- O expediente entenderase definitivamente aprobado no caso de que durante o período de exposición pública non se presentasen reclamacións.

11.- EXPEDIENTE DE SUPLEMENTO DE CRÉDITO 4/2005.- Dada conta do expediente tramitado de suplemento de crédito núm. 4/05, dos informes unidos e ditame da Comisión de Facenda, **o Pleno do Concello acorda** por unanimidade:

1º.- Aprobar o expediente núm. 4/05, de suplemento de créditos, por un importe global de 36.500,00 euros, conforme ao seguinte detalle:

PARTIDA	DENOMINACION	IMPORTE
121/220.01	– Administración xeral. Material de oficina ordinario non inventariable	5.500,00 euros
121/220.02	– Administración xeral. Material informático non inventariable.	3.000,00 euros
21/225.00	- Administración xeral. Tributos	2.500,00 euros
121/226.03	– Administración xeral. Gastos xurídicos	10.000,00 euros
412/221.03	– Hospitais, servizos asistenciais e centros de saúde. Combustibles e carburantes.	3.000,00 euros
422/221.03	– Ensinanza. Combustibles e carburantes.	3.000,00 euros
432/210.00	– Urbanismo e arquitectura. Infraestrutura e bens naturais.	3.500,00 euros
432/221.09	–Urbanismo e arquitectura. Outros suministros	3.000,00 euros
432/226.09	– Urbanismo e arquitectura. Outros gastos	4.000,00 euros
TOTAL		36.500,00 euros

2º.-Financiar este expediente núm. 4/05, de suplemento de crédito, mediante o remanente líquido da Tesourería, para gastos xerais.

3º.- De conformidade co establecido no art. 177.2 do R.D.L. 2/20054, en relación co art. 169 do mesmo texto legal, proceder á exposición pública deste acordo durante quince días hábiles, mediante a inserción de anuncios no taboleiro de edictos do Concello e no Boletín Oficial da Provincia.

4º.- O expediente entenderase definitivamente aprobado no caso de que durante o período de exposición pública non se presentasen reclamacións.

12.- EXPEDIENTE DE TRANSFERENCIA DE CRÉDITO.- Dada conta do expediente tramitado de transferencia de crédito no vixente Orzamento, dos informes unidos e ditame favorable da Comisión de Facenda, o **Pleno do Concello** **acorda** por unanimidade:

1.- Aprobar o expediente núm. 8/05 de transferencia de crédito, conforme ao seguinte detalle.

Partidas minoradas

PARTIDA	DENOMINACIÓN	IMPORTE
222/222.00	Policía local. Comunicacóns telefónicas	720,14 €
223/222.00	Protección civil. Comunicacóns telefónicas	1.078,29 €
313/222.00	Acción Social. Comunicacóns telefónicas	637,42 €
412/222.00	Hospitais, servizos asistenciais y centros de saúde. Comunicacóns telefónicas	1.856,08 €
422/222.00	Ensinanza. Comunicacóns telefónicas	90 €
451/222.00	Promoción e difusión da cultura. Comunicacóns telefónicas	879,11 €

Partida incrementada

PARTIDA	DENOMINACIÓN	IMPORTE
121/222.00	Administración xeral. Comunicacóns telefónicas	5.261,04 €
223/160.00		

2º.- O resumo por capítulos do Orzamento queda como segue:

ESTADO DE INGRESOS

	ANTERIOR	MODIFICACIÓN	TOTAL
1. IMPOSTOS DIRECTOS	826.500,00		826.500,00
2. IMPOSTOS INDIRECTOS	1.750.200,00		1.750.500,00
3. TAXAS E OUTROS INGRESOS	672.500,00		672.500,00
4. TRANSFERENCIAS CORRENTES	2.151.186,57		2.151.186,57
5. INGRESOS PATRIMONIAIS	221.010,00		221.010,00
6. ENAXENACIÓN DE INVES. REAIS	0,00		0,00
7. TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	655.621,08		655.621,08
8. VARIACIÓN ACTIVOS FINROS.	553.509,45		553.509,45
9. VARIACIÓN PASIVOS FINROS.	235.185,99		235.185,99
TOTAL INGRESOS	7.065.713,09	0,00	7.065.713,09

ESTADO DE GASTOS

	ANTERIOR	MODIFICACION	TOTAL
1. GASTOS DE PERSOAL	2.486.119,22		2.486.119,09
2. GASTOS EN BENS CORRENTES E S.	1.900.016,32	+5.261,04	1.900.016,32
3. GASTOS FINANCEIROS	24.000,00	-5.261,04	24.000,00

4. TRANSFERENCIAS CORRENTES	245.625,17	245.625,17
6. INVESTIMENTOS REAIS	2.236.286,28	2.236.286,28
7. TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	88.600,00	88.600,00
8. VARIACIÓN ACTIVOS FINANCEIROS	12.000,00	12.000,00
9. VARIACIÓN PASIVOS FINANCEIROS	55.000	55.000,00
TOTAL DE GASTOS	7.947.646,99 0,00	7.047.646,99

3º.- De conformidade co establecido no art. 177.2 do R.D.L. 2/20054, en relación co art. 169 do mesmo texto legal, proceder á exposición pública deste acordo durante quince días hábiles, mediante a inserción de anuncios no taboleiro de edictos do Concello e no Boletín Oficial da Provincia.

4º.- O expediente entenderase definitivamente aprobado no caso de que durante o período de exposición pública non se presentasen reclamacións.

13.- MODIFICACIÓN DO ANEXO DE INVESTIMENTOS.- A interventora dá lectura á seguinte proposta da Alcaldía: “Para o suposto de que o Concello-Pleno proceda á aprobación dos expedientes modificativos de crédito 03/05 e crédito extraordinario 05/05 e posto que se trata de proxectos, no caso dos expedientes núm. 03/05 e 05/05 de investimentos que non figuraba inicialmente no Anexo de Investimentos do Orzamento e posto que no caso do expediente 02/05 pola contra figuraba inicialmente no Anexo de investimentos de modo erróneo, resulta necesario proceder á modificación do Anexo de Investimentos introducido e eliminar as partidas orzamentarias asociadas a estas modificacións.

Á vista do afirmado anteriormente, esta Alcaldía proponlle á Comisión Informativa de Facenda o estudo e ditame favorable sobre o asunto indicado a continuación:

Modifica-lo anexo de Investimentos do exercicio 2005 no seguinte sentido:

- Anulación do proxecto de gasto de importe 18.000 euros representada na partida 442/501.00.

- Creación do proxecto de gasto con financiamento afectado cun importe de 55.368,63 euros financiándose con recursos alleos procedentes da transferencia de capital da Excma. Deputación Provincial por importe de 15.880,26 euros e con recursos xerais por importe de 39.478,37 euros, representando o dito investimento na partida 441/601.03.

- Creación do proxecto por importe de 55.234,40 euros representado na partida 431/622.00.”

O Pleno do Concello acorda por unanimidade:

1º.- Aprobar a modificación proposta do anexo de investimentos no Orzamento do actual exercicio 2005.

2º.- Que se expoña ao público se procede para oír reclamacións e se non se presentasen, entenderase definitivamente aprobado.

Logo da declaración de urxencia por dez votos a favor e un en contra do concelleiro do BNG, ao non estar incluídos na orde do día, éntrase a debater o votar os seguintes asuntos.

14.- CAFETERÍAS PERMANENTES NA PRAIA GRANDE.- Dáse lectura á proposta da Comisión Informativa de Asuntos Xerais, que copiada di así:

“CAFETERÍAS PERMANENTES NA PRAIA GRANDE.- Vista a proposta que presenta o arquitecto municipal para situar catro establecementos de carácter permanente destinados a servizos de cafetería-restaurante na praia Grande de Miño, segundo os planos que se xuntan.

Considerando que estes servizos son moi necesarios na praia Grande, cunha masiva concorrencia durante a época de verán, proponse:

1º.- Aprobar a instalación de catro cafeterías-restaurante na praia Grande de Miño, a situar nos lugares sinalados nos planos adxuntos.

2º.- Solicitalle ao ministerio correspondente, a través da Demarcación de Costas en Galicia, o inicio do correspondente expediente de concesión para a instalación das citadas cafeterías-restaurantes en terreos de dominio público marítimo-terrestre, da praia Grande de Miño, segundo consta no plano que se xunta.

3º.- Facultar o Sr. alcalde-presidente tan amplamente como sexa necesario en dereito, para solicitar a concesión e a realización das xestións necesarias para este fin.”

O Pleno do Concello por dez votos a favor e a abstención do concelleiro do BNG Sr. Abraira Sobrado, **aproba a proposta nos seus propios termos.**

O Sr. Abraira sinalou que votou e contra da urxencia, porque esta non se motivou, contestando a Presidencia que se xustificou esta e así se sinalou na Comisión, non incluíndoa na orde do día por estar realizada a convocatoria da sesión.

15.- ALEGACIÓNS AO EXPEDIENTE DHW.15.19326.- Dáse lectura á seguinte proposta da Comisión Informativa de Asuntos xerais: “Vistas as alegacións que presenta dona María Josefa Amado Amado, ante o organismo Augas de Galicia, sinalando que a fonte pública denominada Anido, 1 na parroquia de Callobre é da súa propiedade.

Considerando que esta fonte pública veuse usando desde tempo inmemorial como tal.

Considerando que a Lei 7/85, reguladora das bases de réxime local, e o art. 270.2 da Lei 5/97, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia dispoñen que “as entidades locais teñen a obriga de exercer as accións que sexan necesarias para a defensa dos seus bens e dereitos”.

Propónse que se adopten os seguintes acordos:

1º.- Considerar a fonte denominada Anido 1 na parroquia de Callobre deste termo municipal como unha fonte pública máis do municipio, xa que así se veu utilizando desde tempo inmemorial.

2º.- Comunicarlle este acordo ao organismo Augas de Galicia e facultar o Sr. alcalde tan amplamente como en dereito sexa necesario para a defensa deste ben de uso público.”

Declárase a urxencia por unanimidade ao non estar incluído na orde do día e o concelleiro do BNG Sr. Abraira pregunta se esta fonte está incluída no catálogo de bens, e contesta a Presidencia que está nun camiño que figura no planeamento e sempre se utilizou publicamente.

Sometida a votación a proposta, fano a favor 10 membros da Corporación asistentes á sesión, e abstense o concelleiro do BNG Sr. Abraira, polo que **queda aprobada nos termos expostos.**

16.- MOCIÓNS.- O voceiro do PP Sr. Veiga Sabín dá lectura á seguinte moción: “Ante a necesidade de dotar de saneamento varias parroquias do municipio de Miño, a Consellería de Medio Ambiente e o Concello de Miño acordaron levar a cabo a obra hidráulica “REDE DE COLECTORES EN PERBES, BEMANTES, CASTRO, LEIRO (2ª FASE), acordo que foi recollido no “Protocolo Xeral de Colaboración entre o Concello de Miño e a Consellería de Medio Ambiente para o desenvolvemento de determinadas obras hidráulicas” e asinado con data do 3 de marzo de 2005.

Debido á importancia das actuacións e co obxectivo de acelerar no posible a súa realización

PROPOÑEMOS

Solicitar á Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible a axilización dos trámites necesarios para levar a cabo licitación e a adxudicación das actuacións previstas en dito Protocolo de Colaboración.”

Ao non estar incluída na orde do día, sométese a votación a urxencia da moción e esta acórdase por unanimidade.

Despois da deliberación correspondente, vótase a moción co seguinte resultado, votan a favor os cinco concelleiros membros do PP, catro da CIM e o concelleiro do PSG-PSOE, en total dez votos e en contra o concelleiro do BNG, Sr. Abreira, polo que **a moción queda aprobada**.

O concelleiro Sr. Abreira preguntou se se fixera algún trámite e a Presidencia contéstalle que isto era para recordar na Consellería que temos un protocolo asinado para a execución destas obras e esperamos que se nos diga se se vai manter o protocolo asinado. Replica o Sr. Abreira e pregunta ¿cando se solicitou esta información? Contestando a Presidencia que o día 3 de setembro, ao que replica o Sr. Abreira que entón votará en contra xa que estima non é procedente que o PP presente unha moción desta clase, as xestións debe realizalas o equipo de goberno do Concello e non traer estes asuntos ao Pleno do Concello, continúa sinalando que a Vde. déronlle cen días antes de iniciar os críticas á súa xestión, contestando a Presidencia que é un protocolo asinado e xa tería que estar recollidas estas obras, soamente queremos facerlle saber a importancia desta obra para o Concello.

O concelleiro Sr. Herva indica que os 100 días son para coñecer o labor do goberno e temos un grande interese nesta obra, continúa, que é o momento oportuno, agora que están discutindo os orzamentos para o próximo exercicio. Replica O Sr. Abreira sinalando que esta Consellería non é do BNG, senón do PSOE e despois de dezaseis anos éntralles agora a présa. A Presidencia indica que a nosa intención é recordarlle que hai un protocolo asinado e queremos que se acepte e se cumpra.

17.- ROGOS E PREGUNTAS.- O concelleiro do BNG Sr. Abreira formula o seguinte rogo: “Antes de acometer proxecto algún de reforma da rúa raxel, r/ Carreira e Barrosa realicen xuntanzas cos hosteleiros, comerciantes e veciños en xeral.

A Presidencia contesta que así se fará. O mesmo concelleiro roga: “que se fagan as xestións pertinentes para instalar un alumado publico no entarimado de madeira do paseo da praia Grande de Miño.”

O Sr. Abreira pregunta : Sabe o Sr. alcalde que a comisión especial de piñeiro non ten aprobada nin unha só acta das reunións celebradas? Como é posible que o alcalde poña a disposición dos cidadán actas non aprobadas nos organismos correspondentes?

Por que o Sr. alcalde non fixo resposta algunha no escrito rexistrado neste concello pola sociedade de propietarios do monte de Piñeiro?

Cando pensa o Sr. alcalde proceder a realizar a area de esparcemento de Sombreo no terreo doado a este concello por un veciño?

O edificio de protección civil de miño está sen uso algún. Pensa o alcalde que iste feito é normal? Pensa o Sr. alcalde darlle algún uso a este edificio.

Sabe o Sr. alcalde que existe un letreiro de venda de piso no Hotel el Crisol de Las Rías? Que pensa facer esta alcalde a respecto do cambio uso de facto deste edificio.

A Presidencia contesta que non se solicitou ningún cambio de uso ata o momento e cando se presente adoptaranse os acordos que procedan.

Cal foi o motivo de non celebrar ás 20:00 horas o Pleno extraordinario o pasado 30/09/05?

A Presidencia responde que Vde. coñéceo perfectamente e foi aceptado por todos na comisión informativa, contestarase por escrito.

- Por que lle incomoda tanto á Alcaldía a oposición deste Concello?

O Sr. alcalde responde, vai ir Vde. ao inferno, debe manter unha postura seria e respectar o que se aproba por unanimidade na Comisión. Replica o Sr. Abreira dicindo “non me dea Vde. leccións de moral”.

Intervén o concelleiro Sr. Veiga Sabín manifestando que o Sr. alcalde ensinou un plano na comisión informativa e indicou que se discutiría, continúa, debemos ser serios.

O concelleiro do PSDG-PSOE, Sr. Cortizas Rodríguez, formula as seguintes preguntas:

- “Ten o grupo de goberno designada a función a que vai adicar o inmoble que vai entregar o Concello no edificio da praia grande de Miño”.

A Presidencia contesta que neste momento non sabemos que destino terá.

- En que situación se encontran os trámites para a instalación do transformador de enerxía eléctrica nas vivendas protexidas en Bra”.

O Sr. alcalde contesta que hoxe mesmo se abriron os sobres para a adxudicación da obra.

Non habendo máis asuntos, a Presidencia levanta a sesión ás vinte horas e cincuenta minutos, redactándose a presente acta, do que eu, o secretario, dou fe.

O alcalde,

O secretario,